



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 5 DE FEBREIRO DE 2026.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DE DÍA 05.02.2026.....	2
2. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2026" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2025/A007/000004)	4
REMATE DA SESIÓN.....	11
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	11





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 5 DE FEBREIRO DE 2026.

ASISTENTES:

Presidente en funcións

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e catro minutos do día cinco de febreiro de dous mil vinte e seis, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 39/2026 de 29 de xaneiro*)

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D. Lucía Varela Martínez

Non asisten:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

A Presidencia en funcións abre a sesión.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DE DÍA 05.02.2026.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2026

Expediente TEdC: 2026/G006/000032

Logo de ver a convocatoria efectuada pola Deputación Provincial da Coruña do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único concellos) "POS + 2026", bases publicadas no BOP núm. 231 de día 02.12.2025

Logo de ver que o prazo para presentación de solicitudes remata o día 6 de febreiro ás 15:00 horas, e que non foi posible ter concluído con anterioridade a tramitación dos distintos expedientes que se propoñen para a súa inclusión no POS + 2026

Tendo en conta o establecido no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, ao respecto dos asuntos sen ditaminar pola correspondente Comisión Informativa.

É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 5 de febreiro de 2026 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:

1. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2026" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Expediente: 2025/A007/000004)"

A presidencia en funcións abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP); o **ACORDO** seguinte:

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 5 de febreiro de 2026 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:

1. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2026" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Expediente: 2025/A007/000004).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2026" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2025/A007/000004) .

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2026"

Expediente: 2025/A007/000004

"PROPOSTA DE ACORDO

Expediente de proposta: 2026/G006/000018

Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 02/12/2025, relativa á aprobación "Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2026", aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28.11.2025, na que se comunica a este Concello que as cantidades do POS +2026 para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2026	Achega provincial 2025	TOTAL POS + 2026
261.650,07	277.507,65	539.157,72

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2026 (BOP nº 231 de 02.12.2025).

Logo de ver o **PROXECTO "MELLORA DE PISTA EN O GROBE"** asinado dixitalmente en 29/01/2026 polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro, documento con rexistro de entrada nº 202699900000297 de 02/02/2026 (presentado pola representación de representación de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO SA CIF nº A15093081), cun importe de **39.816,67 €** (32.906,34 € + 6.910,33 € de IVE).

Logo de ver o **PROXECTO "ACONDICIONAMENTO ACCESO EN VENTOSA"** asinado dixitalmente en 30/01/2026 polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro, documento con rexistro de entrada nº 202699900000296 de 02/02/2026 (presentado pola representación de representación de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO SA CIF nº A15093081), cun importe de **193.160,88 €** (159.637,09 € + 33.523,79 € de IVE).

Tendo en conta que o Pleno do Concello de Ponte deume, en sesión celebrada o día 31.07.1997, adjudicou definitivamente o "Contrato administrativo de concesión dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiros) e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa" e por tanto, a xestión integral do ciclo da auga, á empresa Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA (AQUAGEST); mediante esta fórmula de xestión indirecta do servizo de abastecemento de auga potable, o Concello, que segue a ser o titular daquel,





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

transfería a unha empresa privada a xestión do servizo, asumindo esta o risco económico da actividade sendo que, dende ese momento, a distribución da auga non constitúe exercicio dunha actividade económica por parte do Concello, polo que de acordo coa normativa do imposto, non se poden deducir as cotas do IVE soportadas polos gastos derivados de obras realizadas na rede de abastecemento.

Logo de ver os anexos asinados no seo do expediente.

Esta Alcaldía-Presidencia **PROPÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**.-

PRIMEIRO.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2026" e con cargo á "achega provincial 2025".

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	261.650,07 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	277.507,65 €
Subtotal gasto corrente	539.157,72 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial					



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2026					
------	--	--	--	--	--

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastece m. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2025					

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abasteceme ntos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	261.650,07 €			261.650,07 €
	Achega 2025	277.507,65 €			277.507,65 €
B- INVESTIMENTO	Achega 2026				
	Achega				



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

S	2025				
C- TOTAL	Achega 2026	261.650,07 €			261.650,07 €
	Achega 2025	277.507,65 €			277.507,65 €
	TOTAL	539.157,72 €			539.157,72 €

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar aos únicos efectos da solicitude do POS+2026 os investimentos que se indican:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable e (Diferenza entre a columna A e a B)
MELLORA DE PISTA EN O GROBE	39.816,67 €		39.816,67 €
ACONDICIONAMENTO ACCESO EN VENTOSA	193.160,88 €		193.160,88 €
TOTAIS	232. 977,55 €		232. 977,55 €

TERCEIRO.- Declarar que o concello tramitará os expedientes que sexan necesarios para a obtención da dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

A Presidencia en funcións abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para preguntar como se fai a suma que corresponde ao 2025-2026, porque entende que agora o que se está solicitando é 261.000 euros.

Responde **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas**, para dicir que os importes veñen dados pola Deputación da Coruña, que está manda un cadro para todos os concellos onde reflexa unha achega 2025 e achega 2026; se as queres destinar a gasto corrente poderíanse unificar; pero se é para gasto de inversión, só se pode usar a achega 2026; son as bases da convocatoria que así o establecen.

Intervén o **Sr. Curbeira** para dicir que entón entende que a achega total é de 539.000 euros; e a parte tamén quedaría o complementario que será o POS adicional.

Responde o **Sr. Ríos** que no complementario as bases obríganche a solicitar un mínimo dun 25% da achega do 2026, que se volverá a traer ao Pleno para a súa aprobación, que aínda tamén hai que conseguir a dispoñibilidade dos terreos.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2026" e con cargo á "achega provincial 2025".

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

Deputación





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	261.650,07 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	277.507,65 €
Subtotal gasto corrente	539.157,72 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello		
Denominación da obra ou da subministración					
Subtotal investimentos achega provincial 2026					

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastece m. auga potable)	Total Concello		
Denominación da obra ou da subministración					





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Subtotal investimentos achega provincial 2025					
--	--	--	--	--	--

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	261.650,07 €			261.650,07 €
	Achega 2025	277.507,65 €			277.507,65 €
B- INVERSIONES	Achega 2026				
	Achega 2025				
C- TOTAL	Achega 2026	261.650,07 €			261.650,07 €
	Achega 2025	277.507,65 €			277.507,65 €
	TOTAL	539.157,72 €			539.157,72 €

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar aos únicos efectos da solicitude do POS+2026 os investimentos que se indican:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

MELLORA DE PISTA EN O GROBE	39.816,67 €		39.816,67 €
ACONDICIONAMENTO ACCESO EN VENTOSA	193.160,88 €		193.160,88 €
TOTAIS	232. 977,55 €		232. 977,55 €

TERCEIRO.- Declarar que o concello tramitará os expedientes que sexan necesarios para a obtención da dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente en funcións, levanta a sesión, sendo as doce horas e dez minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Presidente da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 26.02.2026 segundo o borrador asinado o día 23.02.2026. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

